



RECOMENDACIÓN PARA ACHEGÁRMONOS A

UNHA EXPERIENCIA ESCÉNICA DE CALIDADE

P R O T O C O L O

TE VEO

**ARTES
ESCÉNICAS
PARA LA INFANCIA
Y LA JUVENTUD**

**CONDICIÓN
DE EXHIBIÓN
NAS ARTES
ESCÉNICAS**

**PARA
PRIMEIRA INFANCIA,
NENOS, NENAS,
MOZOS E
MOZAS**




QUE É TE VEO?

TE VEO

**ARTES
ESCÉNICAS
PARA LA INFANCIA
Y LA JUVENTUD**

É unha **asociación de compañías profesionais de Artes Escénicas dedicadas ao público infantil e xuvenil**, de ámbito nacional, creada en 1996 e que naceu co obxectivo de crear un marco de referencia no que os profesionais do teatro para nenos/as e mozos/as poidan elaborar preguntas e desenvolver respostas, que sirvan para pór en marcha proxectos orientados ao desenvolvemento do sector e que permitan promover accións de mellora da creación, produción e distribución.



Os obxectivos de TE VEO son **favorecer**:

- A **promoción, distribución e realización** de todo tipo de accións dirixidas a unha maior implantación das actividades escénicas realizadas especificamente para a infancia, mocidade e, por extensión, para o público familiar.
- O **acceso á arte e á cultura escénica** da infancia e a mocidade.
- O **intercambio de experiencias**, de traballos e a creación de novas canles para o desenvolvemento da actividade profesional dos seus integrantes.
- O **recoñecemento social e cultural** da actividade profesional desenvolvida por persoas e institucións no eido das Artes Escénicas, dirixidas especificamente á infancia e á mocidade.
- A **investigación e innovación** das diversas linguaxes escénicas dirixidas aos espectadores máis novos, así coma todos os parámetros que interveñen na produción, programación e difusión deste sector.

www.teveo.es



1 LIMITACIÓN DE CAPACIDADES

A Nas funcións para público familiar

Recoméndase ocupar só o patio de butacas.

B Na funcións escolares

- **Primeira Infancia** (de 6 meses a 3 anos): non se deben superar os 100 espectadores.
- **Educación Infantil** (de 3 a 6 anos): non se deben superar os 200 espectadores.
- **Primaria** (de 7 a 11 anos): a capacidade óptima sería de 300 espectadores, podendo chegar aos 400.
- **Secundaria e Bacharelato**: arredor de 300 espectadores, podendo chegar aos 400.

En calquera caso, os responsables da programación deberán consultar coas compañías creadoras a capacidade idónea do seu espectáculo e respectar esa limitación, que responde a aspectos coma o formato da peza, a disposición do público, a relación escena-audencia, etc.

2 DIFUSIÓN DAS IDADES RECOMENDADAS E MATERIAL DE APOIO

Dispor de material de apoio pedagóxico e de información precisa sobre as idades para as que se creou o espectáculo e a capacidade recomendada axuda aos adultos que levan os nenos, nenas, mozos e mozas ao teatro a facer unha elección responsable.

A **As compañías deben:**

- **Expresar claramente** na súa publicidade a capacidade axeitada e as idades recomendadas.
- **Deseñar materiais pedagóxicos**, así coma actividades transversais, que promovan unha experiencia teatral alén da contemplación da peza escénica e que poidan ser consultados tanto polos docentes como polas familias.
- **Facilitar o encontro** entre artistas e público trala representación.

B **Os teatros deben:**

- Difundir e respectar **as idades axeitadas e limitar a capacidade**, sobre todo en campaña escolar.
- Solicitar ás compañías **materiais pedagóxicos e de apoio ao profesorado**, así coma calquera outro recurso que axude ao teatro a se converter nun vehículo que una a obra artística cos centros educativos e as familias, favorecendo o desenvolvemento de actividades transversais á representación.
- **Atender o público na súa diversidade** e garantir unha experiencia cultural idónea coas medidas de inclusión necesarias para asegurar o feito cultural coma un ben democrático.

3 **GARANTIR AS CONDICIÓN AXEITADAS DE RECEPCIÓN, ACOMODACIÓN E PERCEPCIÓN DOS ESPECTADORES**

A **Recepción e acomodación**

Traballar co persoal dos teatros para desenvolver a súa sensibilidade, co fin de ofrecer un servizo axeitado ás necesidades dos pequenos espectadores, as súas familias e os docentes.

B Percepción

Conseguir que os pequenos espectadores se sintan cómodos, estean preto, escoiten e vexan ben, se cómpre utilizando alza, contribuirá a que a experiencia sexa positiva.

C Inclusión e atención á diversidade

O acceso á cultura non é un privilexio, é un dereito de todos os seres humanos que cómpre garantir en condicións de igualdade, sen deixar fóra colectivos vulnerables ou en risco de exclusión social. Para promover unha cultura máis inclusiva cómpre que as instalacións dos teatros sexan accesibles, ademais de dispor dos equipamentos necesarios que permitan gozar do teatro a calquera persoa. Deste xeito, garantiremos que todos, independentemente das nosas capacidades, sensibilidades ou realidades, poidamos gozar dun espectáculo de xeito autónomo e normalizado.

4 FOMENTO DAS RELACIÓNS TEATRO-ESCOLA E TEATRO-FAMILIA, E PULO DA FORMACIÓN E O EMPODERAMENTO DO ESPECTADOR

A visita ao teatro ofrece moitas máis posibilidades que a mera visualización dun espectáculo, polo que é imprescindible organizarlal como **unha experiencia sensorial e intelectual integral**. A arte ten un valor transversal e transformador, permite comprender outras realidades e, coma recurso educativo, nútrese da curiosidade e a creatividade coma habilidades innatas de todos os seres humanos. Desde os teatros débese **implantar a figura do “mediador”** entre o público e o teatro, que asumirá as seguintes funcións:

- **Detectar as necesidades** do público infantil e xuvenil
- **Expor propostas educativas** que incentiven a sensibilidade artística
- **Impulsar as relacións teatro-escola e teatro-familia**, para garantir unha comunicación fluída entre creadores, programadores, docentes e familias
- Diseñar e desenvolver **programas de formación e empoderamento** do espectador
- **Propor actividades complementarias**, tanto vencelladas ás pezas escénicas coma ao achegamento de nenos, nenas, mozos e mozas ao teatro
- **Informar das idades recomendadas** para os distintos espectáculos
- Supervisar a **limitación das capacidades** en campañas escolares
- Atender a **diversidade e a inclusión**
- Desenvolver **un labor de análise e avaliación** coma ferramenta para saber cales foron os obxectivos atinxidos e como foi a recepción do espectáculo, e aplicar melloras na organización e coordinación das funcións e actividades relacionadas

Cómpre térmonos en conta que a mediación NON é unha consecuencia da creación/programación artística; as dúas desenvólvense en paralelo, polo que é fundamental que exista unha colaboración continuada entre os espazos de exhibición, as compañías e as escolas dun mesmo ámbito xeográfico co obxectivo de desenvolver accións conxuntas; isto permite aos espectadores novos relacionar axiña os contidos que se están a traballar durante a función ou nas actividades complementarias coa propia realidade e sentirse parte activa dela.

5 INCREMENTO DOS RECURSOS DIRIXIDOS Á EXHIBIÇÃO E FOMENTO DAS PROGRAMACIÓNS ESTABLES

Os espectadores pequenos e mozos forman parte da cidadanía e, tal e como establece a Constitución, deben ter garantido **o acceso á cultura como dereito universal de todas as persoas**. Para iso, cómpre deseñar e desenvolver estratexias que faciliten que os espectadores mozos sintan o feito escénico como propio, normalizándoo dentro da súa rutina e converténdoo nun hábito saudable. Cómpre incrementar os recursos para realizar programacións estables que fomenten nos nenos, nenas, mozos, mozas e familias hábitos coma espectadores, con dúas liñas de programación:

- A Programación familiar:** para ofrecer a opción das artes escénicas coma unha oferta máis de lecer e cultura, e coma unha “experiencia” positiva impulsora de afectos e apegos.
- B Programación escolar:** como garantía democrática de acceso á arte e á cultura.

No que se refire ao deseño da programación, esta debe abordar a ampla diversidade de disciplinas escénicas: teatro, danza, monicreques, circo, música, multimedia, etc.

En ámbalas dúas programacións debe favorecerse o acceso a familias, nenos, nenas, mozos e mozas con baixos recursos, a través de políticas que atendan diferentes necesidades sociais. Do mesmo xeito, cómpre garantir que a poboación que vive no medio rural poida acceder aos espazos de exhibición axeitados, resolvendo as dificultades de desprazamento que teñan que afrontar.

6 AMPLIACIÓN DA OFERTA TEATRAL A TODAS AS IDADES

Cando falamos de nenos e mozos, estamos a falar dos **espectadores do presente e do futuro**. A relación que este tipo de espectador ten coas artes escénicas non se debe reducir a unha actividade extraescolar nin a ir de excursión ao teatro unha vez ao ano. Para que haxa realmente unha conexión co que ocorre na escena e exista unha vontade de volver, necesitan que se desenvolva tamén un traballo previo e posterior que lles permita familiarizarse co seu contido. Para iso, cómpre **establecer un diálogo horizontal**, utilizar un mesmo código e entender que a lóxica do patio de butacas non é a mesma co público adolescente que co público infantil.

Cómpre impulsar as artes escénicas en todas as idades, pero, polo de agora, cómpre reforzar a programación e pór especial énfase nestas audiencias:

A **Primera infancia** (6 meses - 3 años):

- Impulsar a **creación de espazos e festivais** específicos
- Especificar coidadosamente, tanto por parte dos artistas coma dos teatros, a **idade axeitada**: “a partir de 1 ano”, “a partir de 2 anos”, “de 2 a 4 anos...” considerando o desenvolvemento cognitivo e emocional dos nenos e nenas
- Ofrecer **obradoiros formativos** e outras accións complementarias
- **Favorecer o encontro** entre este público e os artistas
- Garantir que o escenario e as áreas de actuación **sexan seguras** para artistas e público
- **Fomentar a accesibilidade** das familias con baixos recursos e/ou necesidades especiais

- Coidar unhas condicións de exhibición determinadas:
 - Zona para deixar os abrigos, os carros e as cadeiras para bebés
 - Incluír cambiadores nos baños
 - Adecuar o espazo de xeito idóneo para este público e os seus acompañantes: coxíns, chans especiais, chanzos específicos, etc.

B Espectadores novos (+14 anos):

- Impulsar a **creación de espazos e festivais** específicos
- Programar espectáculos con **temas próximos** a eles e os seus intereses
- Desenvolver accións dirixidas a **achegar e abrir o teatro** da cidade ás audiencias novas: con elas coma protagonistas e con eles coma cómplices
- Realizar **obradoiros, encontros e coloquios** cos artistas
- Implantar **políticas de prezos específicas**, con descontos ou creación de abonamentos
- Establecer **horarios de exhibición** específicos para eles

7 MEDIDAS ESPECÍFICAS

7.1 FEIRAS E FESTIVAIS

As feiras e festivais de artes escénicas presentan unha idiosincrasia propia que, en moitas ocasións, colide coa realidade das creacións para infancia e mocidade. A este respecto, cómpre atender a factores coma:

- A **presenza do público ao que se destina a creación**. As formas de recepción e, en consecuencia, de retroalimentación dos

nenos e nenas é fundamental para o desenvolvemento idóneo de moitas pezas destinadas ao público infantil, polo que a súa presenza coma espectadores é imprescindible.

- **Xerar actividades específicas** para o público infantil e xuvenil, ademais de favorecer a súa integración no desenvolvemento da feira ou o festival. Recoméndase establecer ligazóns con centros educativos e outras entidades vencelladas á infancia e á mocidade.

7.2 CIRCUÍTOS ESCOLARES

As primeiras experiencias escénicas de nenos e mozos prodúcense dentro do eido académico, nos máis dos casos, mediante circuitos escolares, pero este primeiro achegamento pode resultar aburrido ou frustrante se non se traballa axeitadamente e con sensibilidade tanto dentro coma fóra da aula. Cómpre explicar que é o teatro, como funciona e cales son as “normas específicas” dese lugar ao que se vai asistir por primeira vez e, para iso, as institucións educativas son aliadas indispensables. Cómpre que haxa unha comunicación fluída entre os profesionais das artes escénicas e os docentes para se achegar ás diversas realidades presentes na aula e, do mesmo xeito que é importante para os artistas entraren nos colexios e institutos, tamén é fundamental que o profesorado teña un papel activo na vinculación da mocidade coas obras. A colaboración entre todos os axentes implicados é crucial para que o labor de mediación se desenvolva con éxito:

Antes da asistencia no teatro:

- **Compartir** cos nenos, nenas, mozos e mozas a actividade que van desenvolver: Explicarlles como é o edificio, como se van desprazar ata alí, que é o que vai ocorrer dentro, as normas de com-

portamento que existen, etc. é un bo comezo para que esta nova experiencia se lles faga máis familiar.

- Tratar na **aula aspectos vencellados á obra**. Para iso, é fundamental traballar estreitamente entre teatros e centros educativos, achegando o material pedagóxico e de apoio ao profesorado.

Durante a presenza no teatro:

- Atender as necesidades que poidan ter os alumnos.
- Lembrar as **normas de comportamento**.
- Realización, no mesmo teatro e coa compañía, **dalgunha actividade** que permita aos alumnos coñecer máis sobre a obra, dialogar sobre a temática, experimentar arredor do teatral, etc.
- Coñecer certos aspectos sobre as **distintas profesións** implicadas na produción escénica pode ser un vehículo para mellorar esa recepción da obra.

Despois da asistencia ao teatro:

- Trasladar o **espectáculo** ou o texto teatral **á aula**, ben traballando sobre o material pedagóxico da compañía ou con calquera actividade vencellada á experiencia vivida.

O sector privado non pode asumir a plena responsabilidade de desenvolver as accións descritas anteriormente, xa que non dispón de recursos abondos para garantir a democratización e a participación activa dos nenos, nenas, mozos e mozas nos procesos creativos. Por iso, é fundamental contar co apoio estable das institucións públicas para garantir a súa implantación e supervivencia, co fin de cultivar unha cidadanía culturalmente rica e comprometida desde idades temperás. As artes escénicas non só enriquecen a experiencia educativa,

senón que contribúen tamén ao desenvolvemento intelectual dos individuos, fomentando neles hábitos culturais saudables, contribuíndo á construción da súa identidade e ofrecéndolles unha plataforma para expresaren as súas propias voces e experiencias.



ONDE ATOPARNOS?



C/ Pasión, 13, 4º Dcha.
47001 Valladolid



secretaria@teveo.es



(+34) 646 98 08 65

¡SÍGUENOS NAS REDES SOCIAIS!

[@asociacionteveo](https://www.instagram.com/asociacionteveo)



PAUTAS A SEGUIR ANTES DE ASISTIR AO TEATRO

Antes de asistir ao teatro, cómpre establecer regras claras de comportamento que garantan un ambiente axeitado durante a representación, incluíndo a puntualidade, o silencio, o respecto ao arredor, aos actores e demais traballadores, así coma a prohibición de comer, beber, saír da sala durante a función ou usar teléfonos móbiles. Estas regras deben ser respectadas por **todas** as persoas participantes, favorecendo un bo clima de exhibición que garanta unha boa recepción do espectáculo.

É importante lembrar aos alumnos estas pautas para que, entre todos, poidamos **contribuír a crear un ambiente axeitado**, o espectáculo poida desenvolverse correctamente e poidamos gozar da experiencia artística na súa totalidade:

TE VEO



ARTES ESCÉNICAS PARA PRIMEIRA INFANCIA, NENOS, NENAS, MOZOS E MOZAS

- **Infórmate** / Debes lembrar que é fundamental, antes de vires ao teatro, estares **ben informado** do espectáculo que vas ver, deste xeito gozarás máis.
- **Puntualidade** / Se non somos puntuais, ao entrarmos no teatro molestamos os actores e os compañeiros, polo que se chegamos tarde á función, **podemos quedar sen entrar**.
- **Prégase silencio** / Os actores necesitan concentración durante o espectáculo, polo que **debemos estar en silencio e atentos**. Por suposto, os teléfonos móbiles deben estar desconectados.
- **Nin comida, nin bebida, nin móbil** / Non se debe comer nin beber na sala, nin usar o móbil, tratando de mantelo inactivo e en silencio por **respecto aos actores**.
- **Sentados** / Durante o espectáculo, cómpre que todos permanezamos sentados e **non debemos entrar nin saír** durante a función.
- **Respecta o teu arredor** / Debemos coidar as instalacións para contribuímos entre todos a crear **un ambiente limpo e agradable**.
- **Respecta os teus compañeiros** / Todos os espectáculos esixen un grande esforzo aos actores; se non che interesa a obra, pensa nos teus compañeiros, se cadra eles si están interesados.
- **Respecta os actores** / **Non se poden facer fotos nin gravar vídeos**. Durante a representación, o público non se dirixirá aos actores, agás cando estes pidan a nosa colaboración.
- **Os aplausos** / Ao rematar o espectáculo, **os aplausos serán a mellor recompensa** para os artistas.

CONDICIÓN DE
EXHIBIÓN NAS
A R T E S
ESCÉNICAS PARA
PRIMEIRA INFANCIA,
NENOS, NENAS,
MOZOS E MOZAS

**ARTES
ESCÉNICAS
PARA LA INFANCIA
Y LA JUVENTUD**

**TE
VEO**

Actuación subvencionada por el Ministerio de Cultura



MINISTERIO
DE CULTURA

DIRECCIÓN GENERAL
DE ARTES ESCÉNICAS Y MÚSICA



MINISTERIO
DE CULTURA



PLAN DE
**DERECHOS
CULTURALES**